

# Resolución de Copenhague

Na cara oculta dunha sociedade de telefonía sen fíos.  
Edificio do Parlamento, de Christiansborg, en Copenhague [Dinamarca]  
09 de outubro de 2010

(Traducido ao galego pola APDR da versión francesa de Next up. Ver páxina oficial co programa da Conferencia e os asinantes da Resolución: <http://www.kbh-resolution.dk/> )

Esta resolución foi adoptada na conferencia de Copenhague sobre "a cara oculta dunha sociedade inalámbrica"

Baséase en anteriores chamamentos internacionais, resolucións e o Informe BioInitiative realizados por médicos e científicos que afirman a necesidade de prevención de danos na saúde pública pola exposición á radiación da tecnoloxía inalámbrica.

Xuntos, nós, os abaixo asinantes, solicitamos as seguintes demandas:

- Unha redución substancial das directrices e de exposición á radiación por microondas artificiais inalámbricas a un nivel de precaución biolóxico fundado, cun pico máximo de nivel de irradiación no exterior de 0.6 V/m tal como recoméndase polo informe BioInitiative
- A información e as advertencias oficiais ao público en xeral sobre os riscos para a saúde da radiación por microondas de alta frecuencia da tecnoloxía inalámbrica, con especial atención sobre maiores riscos para os que estean en condicións de debilidade, as mulleres embarazadas e os nenos
- Notas (etiquetas) de advertencias e de información nos dispositivos que emitan radiación, e un compromiso dos fabricantes para deseñar produtos que emitan a menos radiación posible e só cando sexa necesario (período).
- Restringir e desalentar o acceso dos nenos ao uso de dispositivos que emitan radiación de microondas de alta frecuencia.
- A Electro-Sensibilidade (EHS) debe ser recoñecida oficialmente como unha discapacidade funcional.
- Promover a acción das Autoridades Locais para que respecten a transparencia da información sobre os lugares de localización de estacións base de telefonía móbil de existentes e dos previstos.
- Facer todo o posible para minimizar a exposición á radiación do Wi-Fi nos espazos públicos ocupados polos grupos vulnerables, como nenos en idade escolar, anciáns, hospitais, así como nos transportes públicos.
- Establecer Zonas de Refuxio para o EHS ou Zonas Brancas onde as persoas electro-sensibles (EHS), que non soportan a radiación de microondas das radiofrecuencias poidan recuperarse ou vivir alí, así como abastecer unha asistencia financeira co fin de protexer o interior das actuais vivendas.
- Promover unha política de alternativas seguras para a saúde á tecnoloxía WiFi.
- Realizar e promover a investigación causal independente.